



SELECCIÓN 1 MÉDICO PARA O SPAD

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 25 de agosto de 2009, acordou levar a cabo a contratación laboral temporal (3 meses) dun médico para o “Servizo preventivo asistencial a drogodependentes” –SPAD–.

A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos e unha entrevista persoal o vindeiro día 2 de setembro, as 11:00 horas da mañá, na Casa do Concello, debendo os interesados/as persoarse co DNI, xustificante da titulación esixida, currículum vitae e xustificantes dos méritos que aleguen.

As bases/criterios de selección poderán ser examinados polos/as interesados/as no taboleiro de anuncios do Concello, así como na web municipal, www.vilagarcia.es.

O que se fai público para o xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 27 de agosto de 2009.

Dolores García Giménez, alcaldesa-presidenta.

BASES DE SELECCIÓN DUN/HA MÉDICO PARA O SPAD

1.- A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos, e unha entrevista persoal, e poderán presentarse tódalas persoas que o desexen, reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público conforme ao Estatuto Básico do Empregado Público (Ley 7/2007) e estean en posesión do título de Licenciado en Medicina.

2.- As persoas interesadas nesta contratación deberán persoarse nesta Casa do Concello o vindeiro día 2 de setembro de 2009, ás 11,00 horas, debendo aportar/entregar:

- Fotocopia do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida.
- Currículum vitae e xustificantes dos méritos que aleguen para ser valorados polo Tribunal. Con relación- resumo dos mesmos segundo o baremo recollido nas presentes bases.

3.- A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: A Directora do S.P.A.D ou persoa en quen delegue.
- Vogais: (3): Tres empregados/as municipais.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, al menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten

e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4.- O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, conforme o seguinte baremo:

- Por ter prestado servizos, como Médico en posto de traballo relacionado coa Prevención e Asistencia a Drogodependentes, na Administración Pública: 0,5 puntos por cada seis meses, ata un máximo de 2 puntos.

- Por ter prestado servizos, como Médico en posto de traballo relacionado coa Prevención e Asistencia a Drogodependentes. en Institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada seis meses, ata un máximo de 1 punto.

- Por ter prestado servizos, como Médico en posto de traballo NO relacionado coa Prevención e Asistencia a Drogodependentes: 0,2 puntos por cada seis meses, ata un máximo de 2 puntos.

- Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc), serán avaliados polo Tribunal da seguinte forma:

En materias de drogodependencias, ata un máximo de 5 puntos no seu conxunto.

Noutras materias, ata un máximo de 2,5 puntos no seu conxunto.

- Por te-lo curso de iniciación á lingua galega: 0,50 puntos. No caso de te-lo curso de perfeccionamento, puntuarase globalmente con 1,00 punto.

- Por te-la especialidade de PSIQUIATRÍA, 3 puntos. Por ter formación en saúde mental, 1 punto. Avaliarase soamente un destes.

5.- A entrevista persoal versará sobre o currículo vitae presentado e coñecementos en relación ó servizo e traballos a realizar, e será avaliada polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos.

6.- A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no concurso de méritos e na entrevista, e o Tribunal proporá para a súa contratación ó aspirante que acada a maior puntuación global. Así mesmo formulará lista ordenada dos candidatos coa que se formará unha bolsa de traballo.

7.- Bolsa de Traballo.

1. Xurdida a necesidade temporal, e previa declaración da necesidade da súa provisión pola Alcaldesa-Presidenta, o Departamento de Persoal determinará a duración e o tipo de contrato a realizar, que será o que corresponda con arranxo á lexislación vixente.
2. Ofreceráse ás persoas incluídas na bolsa, de acordo coa orde de prelación, sempre a cando se cumpran os requisitos esixidos na relación de postos de traballo para seu desempeño. Exceptúase desta provisión a ocupación dos postos de traballo que teñan prevista como forma de provisión a libre designación na relación de postos de traballo. Nestes casos poderán ofrecerse a calquera dos integrantes da bolsa que reúna os requisitos do posto.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o interesado/a non manifesta súa conformidade coa contratación, entenderase que renuncia ó mesmo, e se lle postergará ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
 - a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.
 - b) Enfermidade.
5. Os aspirantes que aleguen algunha de las circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán súa posición na bolsa. Nembargantes non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións.
6. O persoal laboral temporal, que cese nun posto de traballo a resultas da Bolsa de traballo, incorporarse automaticamente á bolsa no lugar que lle corresponda.
7. A renuncia do aspirante á prestación de servizos, unha vez subscrito o contrato de traballo, determinará súa exclusión da Bolsa de Traballo aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á data de inicio da relación laboral.

8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente o si se esgota a bolsa, e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova bolsa.
9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.
10. A duración das Bolsas de Traballo será ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional; ou ben ata tanto non se elabore e poña en marcha o Plan de ordenación de recursos humanos 2008-2013, co seu plan de emprego, e en todo caso polo período máximo de dous anos, prorrogables.
11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigação de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía có solicitante.
12. A Xunta de Persoal poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

7.-O aspirante que resulte seleccionado comezará a prestar servicios o día que se lle indique pola Alcaldía, e a duración do seu contrato será ata tanto dure a excedencia, e en todo caso ata que remate o contrato da substituída.

Vilagarcía de Arousa, 26 de agosto de 2009.

M^a Dolores García Giménez
A Alcaldesa-Presidenta